

NON HAI VALADOS

Unha faísca de lume
Na noitiña de San Xoan
Quixo ir lavar a cara
Ca auga clara do luar
Se unha pinguiña de choiva
Cae dende o ceo ata o chan
Ha de chegar o momento
De volvernós atopar

RETROUSO

E anque os teus medos debuxen fronteiras
Hai un sendeiro agardando que creas
Que non hai valados
Pras almas viaxeiras
Xa non hai valados
Se vou á túa beira

Non hai distancia no mundo
Que nos poida separar
Porque no meu peito gardo
Un oquiño onde ti estás

RETROUSO

Como as herbas da ribeira
Bailan ca brisa do mar
Tamén hei bailar contigo
E o son do cariño marcará o compás